



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA VINTE E CINCO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (5/2026)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e trinta minutos do día seis de febreiro de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, alcalde en funcións, por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás doce horas.

Actúa como Secretaria, D.^a Ana Ramos Ramos, secretaria en réxime de acumulación.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 11 de febreiro de 2026
2. Devolución garantía definitiva
3. Aprobación de conta xustificativa
- 4.- Renovación de tarxetas de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida
- 5.- Asuntos urxentes

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 11 DE FEBREIRO DE 2026

Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou con anterioridade á convocatoria desta sesión no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 11 de febreiro de 2026 se considera aprobada sen ningunha obxección por UNANIMIDADE dos presentes.

2. DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA

A Sra. Secretaria-interventora dá conta da solicitude da empresa interesada, do informe do arquitecto contratado para o efecto e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que consta asinada dixitalmente no expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA

Logo de ver a documentación do expediente 2026/X002/000002, instruído para a devolución da garantía definitiva solicitada pola representante da empresa, Excavaciones Santiños, S.L., constituída mediante aval, para responder da execución do contrato da obra contida no proxecto nomeado "MEJORA DE CAMINOS DE LAS PARROQUIAS DE SAN FIZ Y SANTA JULIANA (POS+ADICIONAL 2ª/2023) EXPTE: 2023/C003/000003"

Logo de ver o informe favorable, emitido por D. Antonio López Rodríguez, Arquitecto contratado para o efecto, que conclúe:

"Dado que non consta notificación por escrito á empresa encargada da execución dos traballos no período de garantía, non existe ningún impedimento desde o punto de vista técnico que aconselle a non devolución da garantía que garantía o cumprimento dos contratos de execución da obra iniciada, posto que se cumpriu con suxeición ao proxecto técnico e/ou prescricións técnicas e administrativas que se sinalaron, ante o cal infórmase favorablemente a cancelación e devolución deste."

Propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. **Cancelar a garantía definitiva**, constituída mediante aval bancario, inscrito no Rexistro especial de avais co número 687024, por importe de 8472,85€, e ordenar a súa devolución.
2. **Notificar o presente acordo** á empresa solicitante.

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE** dos presentes, acorda aprobar a proposta.

3. APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA

A Sra. Secretaria-interventora dá conta da documentación xustificativa da subvención de referencia e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se indica a continuación, e que se transcribe literalmente deseguido:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

CONVENIO COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E O CONCELLO PARA A DISTRIBUCIÓN FONDOS DO PROXECTO “PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE FÍSICA E A SAÚDE EN ZONAS DESPOBOADAS. RED PAFER” NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA NEXTGENERATION EU

Logo de ver a documentación contida nos expedientes: 2025/A006/000005, 2025/C002/000030, 2025/C002/000032, xustificativa da axuda concedida a esta entidade a través do convenio de referencia, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1.- **Aprobar a seguinte conta xustificativa** dos gastos da axuda concedida, integrada por gastos de investimento, por un importe total de gastos xustificados de 12.709,17€, que comprende as facturas cos datos que se reflicten a continuación

Acredor	Concepto	Número de factura	Importe	Data de emisión	Data de recoñecemento da obriga	Data de pagamento
INST. BAHIA PARK, SL	Equipo biosaludable	2250110	2964,50	11/12/2025	19/12/2025	23/12/2025
SALTER SPORT,SA	Equipamento para Sala musculación	251585	9744.67	22/12/2025	29/12/2025	30/12/2025

2.- **Declarar:**

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a axuda e os investimentos executáronse dentro do período subvencionable.
- Que os gastos xustificados non foron presentados como xustificantes de subvencións noutros programas ou proxectos nin en exercicios anteriores
- Que, segundo informe da Secretaría-Intervención, a tramitación e contratacións, realizouse de conformidade á normativa de contratación do sector público.
- Que non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos desta axuda.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

- Que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE** dos presentes, acorda aprobar a proposta.

4.- RENOVACIÓN DE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA VEHÍCULOS OCUPADOS POR PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

A Sra. Secretaria-interventora dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribeliteralmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

RENOVACIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA VEHÍCULOS OCUPADOS POR PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

Logo de ver a solicitude de renovación da tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida, presentado polo fillo da persoa interesada que responde ás iniciais J.V., A. con DNI núm. ***1846**, no Rexistro de Entrada deste Concello o día 10 de febreiro de 2026, núm. 202600000000098, o informe favorable da traballadora social do día 18 de febreiro de 2026, o ditame técnico facultativo do EVO e a restante documentación esixida.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Autorizar a renovación da Tarxeta de Estacionamento para Persoas con Mobilidade Reducida a nome da persoa que responde ás iniciais J.V., A. .. válida ata o 24/02/2036 e co núm. 15050-100-26

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta

5.- ASUNTOS URXENTES

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Pola alcaldía indícase que o expedientea que se exhiben, atópanse finalizados e coa xustificación do seu carácter de urxencia, por non retrasar a resolución dos expedientes, propónse previa ratificación da urxencia por **UNANIMIDADE** dos presentes, incluír na orde do día o seguintes expedientes:

CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA VEHÍCULOS OCUPADOS POR PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

RENOVACIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA VEHÍCULOS OCUPADOS POR PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

SERVIZO DE MANTEMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DO XESTAL E ZONAS VERDES DO RECINTO 2026-2027. ADXUDICACIÓN

APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO PROGRAMA XANTAR NA CASA CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DE 2025

PRÓRROGA CONTRATO SERVIZOS

A Xunta de Goberno Local, por **UNANIMIDADE** dos presentes, acorda ratificar a urxencia e a inclusión na orde do día dos expedientes propostos.

5.1 A Sra. Secretaria-interventora dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA VEHÍCULOS OCUPADOS POR PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

Logo de ver a solicitude da tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida, presentado pola nora da persoa interesada que responde ás iniciais R.M., M.D. con DNI núm. ***8083**, no Rexistro de Entrada deste Concello o día 09 de febreiro de 2026, núm. 202600000000095, o informe favorable da traballadora social do día 18 de febreiro de 2026, o ditame técnico facultativo do EVO e a restante documentación esixida.

Propóñoille a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Autorizar a renovación da Tarxeta de Estacionamento para Persoas con Mobilidade Reducida a nome da persoa que responde ás iniciais R.M., M.D.. válida ata o 24/02/2036 e co núm. 15050-099-26

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta

5.2 A Sra. Secretaria-interventora dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribeliteralmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

RENOVACIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA VEHÍCULOS OCUPADOS POR PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

Logo de ver a solicitude de renovación da tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida, presentado polo fillo da persoa interesada que responde ás iniciais J.V., A. con DNI núm. ***1846**, no Rexistro de Entrada deste Concello o día 10 de febreiro de 2026, núm. 202600000000098, o informe favorable da traballadora social do día 18 de febreiro de 2026, o ditame técnico facultativo do EVO e a restante documentación esixida.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Autorizar a renovación da Tarxeta de Estacionamento para Persoas con Mobilidade Reducida a nome da persoa que responde ás iniciais J.V., A. .. válida ata o 24/02/2036 e co núm. 15050-100-26

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

5.3 A Sr. Secretaria-interventora dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, xunto coa documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Nº Expediente:	2025/C004/000003
Obxecto	Contratación de Servicios. SERVIZO DE MANTEMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DO XESTAL E ZONAS VERDES DO RECINTO 2026-2027
Asunto	ADXUDICACIÓN

Logo de ver o expediente tramitado para a contratación do servizo de mantemento do campo de fútbol do Xestal e zonas verdes do recinto 2026-2027, cun orzamento total de 18572,29€ anuais e que o contratista Jardineria Arce SL que a Mesa de contratación permanente do Concello de Monfero considerou que era o que presentaba a oferta máis vantaxosa que podía ser cumprida e que foi requirido, tras efectuar positivamente as comprobacións do artigo 159.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en adiante LCSP, para que cumprira co establecido na cláusula 17.1 do Prego, xa lle deu cumprimento e constituíu a garantía definitiva.

Logo de ver o informe de fiscalización favorable da Secretaría-Intervención, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción dos seguintes acordos:

1. Declarar válidas e ratificar todas e cada unha das actuacións e dos acordos da Mesa de Contratación permanente do Concello de Monfero que aparecen reflectidos no expediente de contratación tramitado e, en concreto e sen ánimo exhaustivo, os referentes á admisión da oferta presentada, de clasificación, atendendo unicamente ao prezo e de que non foi declarada desproporcionada ou anormal conforme ao sinalado no artigo 149 da LCSP, e a proposta respecto desta.
2. Adxudicarlle á empresa **JARDINERIA ARCE, S.L.**, no prezo de **18.513,00 euros/anuais (IVE engadido)**, - 15.300 máis 3213.00 euros de IVE-, **que fan un total de 37.026,00€ para os dous anos**, o contrato do, de acordo co resto de características da súa oferta que constan no expediente, pola necesidade de realizar o mantemento do campo de fútbol do Xestal e zonas verdes da instalación, para prestar á veciñanza e persoas usuarias un bo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

servizo e considerar, en harmonía coa proposta da Mesa de contratación permanente do Concello de Monfero, coa mesma motivación, que a súa oferta é a máis vantaxosa que pode ser cumprida.

3. Aprobar o gasto correspondente, dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria 342.21200, para o ano 2026 e sometendo as anualidades seguintes á condición suspensiva de existencia de crédito suficiente e axeitado no orzamento do exercicio correspondente.

4. Designar como responsable do contrato a D. José Amando Pena Vila, animador deportivo municipal, para supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións que lle correspondan e ditar as instrucións necesarias, con o fin de asegurar a correcta realización da prestación.

5. Nomear Coordinador de Seguridade e Saúde a D. Antonio López Rodríguez, Arquitecto contratado para o efecto.

6. Notificar este acordo a D. Antonio López Rodríguez, a D. José Amando Pena Vila e ao adxudicatario.

7. Publicar esta adxudicación no perfil do contratante desta entidade, aloxado na plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP).

8. Requirir ao adxudicatario para a formalización do contrato dentro do prazo máximo de 15 días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba a notificación da presente adxudicación, indicándolle que, con anterioridade á formalización, deberá acreditar ante o Concello que ten subscrito o seguro de responsabilidade civil esixido na cláusula 23 do PCAP, e que, tres días antes do inicio da súa execución, deberá presentar, pola sede electrónica do Concello de Monfero, a documentación acreditativa de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais necesarios para a execución do servizo que se establece na cláusula 17.11 do PCAP.

9. Unha vez formalizado o contrato, publicar tal feito no perfil do contratante do órgano de contratación (PCSP).

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

5.4 A Sra. Secretaria-Interventora informa sobre o requirimento recibido coa liquidación do servizo do período indicado, sobre a documentación que o acompaña, sobre o informe da Traballadora Social do Concello, sobre o informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO PROGRAMA XANTAR NA CASA CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DE 2025

Logo de examinar a liquidación da aportación económica municipal do servizo Xantar na Casa, correspondente ao cuarto trimestre de 2025, e os xustificantes dos gastos e demais documentación xustificativa presentada pola Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, así como o informe da Traballadora Social do Concello, Patricia Martínez Lago, que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, sen obxeccións sobre o servizo prestado, e considerando que as prestacións corresponden a servizos derivados de compromisos de gasto debidamente adquiridos e que están realizadas e en beneficio da veciñanza e coa conformidade do Concello, que dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlles fronte, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Prestar aprobación á liquidación do servizo Xantar na Casa, núm. 1.106, de data do 13 de febreiro de 2026, por importe de 2.796,30€, correspondente a 1.441 xantares subministrados a persoas usuarias do servizo deste Concello do cuarto trimestre de 2025 e recoñecer e liquidar a obriga correspondente ao dito gasto e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a súa contabilización con cargo a aplicación orzamentaria 2025.231.45000

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta.

5.5 A Sra. Secretaria-interventora dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

punto que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCADÍA

PRÓRROGA CONTRATO SERVIZOS

Logo de ver a documentación do expediente 2020/C004/000003 do SERVIZO COMPLEMENTARIO DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO, **a conformidade do contratista de prorrogar** o contrato por dous anos máis, nas mesmas condicións, conforme se prevé no Prego que rexe o contrato formalizado o 28/02/2024, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a prórroga do contrato nomeado, SERVIZO COMPLEMENTARIO DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO, co contratista IDADES, S.L., por prazo de dous anos, dende **01/03/2026 o ata o 01/03/2027**, con cargo á mesma aplicación orzamentaria do gasto 231.22799 e adquirir o compromiso de gasto futuro para o 2027 na mesma aplicación, quedando condicionado á existencia de crédito orzamentario suficiente e axeitado.

Notificar este acordo de aprobación de prórroga contrato.

Trasladar este acordo ao Servizo Municipal de Contabilidade e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gastos.

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno Local, por **UNANIMIDADE** dos presentes, acorda ratificar a urxencia e a inclusión na orde do día dos expedientes propostos.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás doce horas e cuarenta e sete minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, certifícoo.

O Alcalde en funcións

A Secretaria en réxime de acumulación

D. Alberto Cortizas Rejo

D.^a Ana Ramos Ramos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)